

INSTRUCCIÓN:

- 1) A proba consiste na realización de 20 preguntas de tipo test.
- 2) O tempo máximo para a realización da proba é de 45 minutos.
- 3) Cada pregunta ten 4 respostas, das cales só unha é válida e as outras 3 non.
- 3) Cada resposta correcta suma 0,50 puntos.
- 4) Cada resposta errónea resta 0,20 puntos.
- 5) As respostas marcaranse cun símbolo X no cadro impreso no papel autocopiante.
- 6) As respostas débense marcar con bolígrafo.
- 7) A persoa aspirante pode levar o papel calcado coas respostas contestadas.
- 8) Para superar a proba será necesario obter como mínimo a metade (5 puntos) da puntuación máxima posible da proba (10 puntos).
- 9) As preguntas R1 a R5 son de reserva.

1. De acordo co establecido no artigo 15 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cal das seguintes afirmacións é incorrecta:

- a) A administración pública instrutora deberá traducir ao castelán os documentos, expedientes ou partes deles que deban producir efecto fóra do territorio da Comunidade Autónoma e os documentos dirixidos aos interesados cando así o soliciten expresamente.
- b) Os interesados que se dirixan aos órganos da Administración Xeral do Estado con sede no territorio da Comunidade Autónoma deberán utilizar o castelán.
- c) Será necesario remitir traducidos ao castelán os documentos, expedientes ou partes deles aos interesados cando así o soliciten expresamente.
- d) Os interesados que se dirixan aos órganos da Administración Xeral do Estado con sede no territorio da Comunidade Autónoma poderán utilizar tamén a lingua que sexa cooficial nela.

2. Son elementos do municipio de acordo coa Lei de bases do réxime local:

- a) Territorio, poboación e organización.
- b) O conxunto de parroquias que o conforman.
- c) Alcalde, xunta de goberno e o pleno.
- d) Lugares, edificios e rúas.

3. A riqueza das distintas modalidades lingüísticas de España configúrase de acordo co artigo 3 da Constitución Española como:

- a) Un ben a protexer polas forzas e corpos de seguridade do Estado.
- b) Un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección.
- c) Un dereito susceptible de amparo constitucional.
- d) Un dos fundamentos da Constitución.

4. Unha das especialidades do réxime xurídico dos municipios de gran poboación respecto aos municipios de réxime común é:

- a) A posible presenza na xunta de goberno local de membros que non posúan a condición de concelleiros.
- b) A necesaria existencia de distritos como divisións territoriais propias.
- c) A configuración como órgano superior do pleno do seu secretario xeral.
- d) A obrigatoria creación dun consello de queixas.

5. Debido a un incremento puntual do volume de traballo no SNL, o Concello de Rianxo quere nomear un funcionario interino. Sinala cal das seguintes afirmacións é correcta:

- a) Non é posible, xa que o nomeamento dos funcionarios interinos só procede nos supostos da substitución transitoria do funcionario titular do posto de traballo.
- b) É posible por tratarse dun suposto de acumulación de tarefas, pero coa limitación temporal dun máximo de seis meses dentro dun período de doce meses.
- c) É posible, xa que se trata dun funcionario de carreira e, polo tanto, non está suxeito a ningunha limitación.
- d) É posible o seu nomeamento mentres se manteña a situación de acumulación de tarefas, sen outro límite temporal adicional.

6. O réxime de incompatibilidades regulado na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas é aplicable nas entidades locais:

- a) Unicamente ao persoal funcionario de carreira.
- b) Unicamente ao persoal funcionario de carreira e ao persoal laboral fixo.
- c) A todo o persoal, calquera que sexa a natureza xurídica da súa relación de emprego.
- d) Ningunha das anteriores.

7. Cal dos seguintes principios é o que non rexe as políticas públicas para a igualdade entre mulleres e homes:

- a) A protección da maternidade, con especial atención á asunción pola sociedade dos efectos derivados do embarazo, parto e lactación.
- b) A implantación dunha linguaxe non sexista no ámbito administrativo e o seu fomento na totalidade das relacións sociais, culturais e artísticas.
- c) O establecemento de medidas que aseguren a conciliación do traballo e da vida persoal e familiar das mulleres e dos homes, así como o fomento da corresponsabilidade nos labores domésticos e na atención á familia.
- d) Unha maior participación das mulleres en relación aos homes nas candidaturas electorais e na toma de decisións.

8. A primeira redacción da Lei de normalización lingüística de Galicia foi recorrida polo Goberno español porque:

- a) Declaraba que a lingua propia de Galicia era o galego e non facía mención ningunha ao castelán.
- b) Recollía o deber para todos os galegos de coñecer a lingua galega.
- c) Concedía á Xunta de Galicia a facultade de determinar os topónimos de Galicia.
- d) Dáballe facultades á Xunta de Galicia para protexer o galego nos territorios limítrofes coa Comunidade Autónoma Galega.

9. Segundo a Enquisa estrutural a fogares do Instituto Galego de Estatística de 2013, o 18,35% dos nenos e nenas entre 5 e 14 anos aprenderan a falar:

- a) Só en galego.
- b) Só en castelán.
- c) Nos dous idiomas por igual.
- d) Máis en galego ca en castelán.

10. En que lingua cómpre facer as notificacións e comunicacións do Concello de Rianxo dirixidas a persoas físicas ou xurídicas da Comunidade Autónoma Galega?

- a) En galego, porque así se recolle no artigo 7.2 da Ordenanza de impulso do galego do Concello de Rianxo.
- b) En galego e en castelán, porque ambas son as linguas oficiais da Comunidade Autónoma Galega, segundo o artigo 5.2 do Estatuto de Autonomía de Galicia.
- c) En galego, sen prexuízo do dereito dos/as cidadáns/ás a recibilas, se o así demandan, en castelán.
- d) Indistintamente en galego ou en castelán, porque as actuacións administrativas en Galicia son válidas e producen os seus efectos en calquera que sexa a lingua oficial empregada, segundo o artigo 6.2 da Lei de normalización lingüística de Galicia.

11. As administracións públicas de Galicia deben utilizar a lingua galega de forma preferente porque:

- a) Así o establece a Constitución Española.
- b) Así o establece a Lei de bases de réxime local.
- c) Así interpreta o Tribunal Constitucional o carácter de "lingua propia" recollido nos estatutos de autonomía.
- d) Así o establece a Lei de normalización lingüística de Galicia.

12. O outorgamento anual de premios ou recoñecementos por parte dos concellos á galeguización de comercios locais é unha actuación de dinamización que segue unha estratexia, segundo Mataix e Escolá:

- a) De sensibilización.
- b) De promoción, artificial e puntual.
- c) De promoción, forzada e periódica.
- d) De promoción, permanente e estrutural.

13. Os indicadores de impacto, dentro dun plan de dinamización, asóciase a:

- a) Obxectivos xerais.
- b) Obxectivos específicos.
- c) Cumprimento de orzamento e recursos.
- d) Éxito do proceso.

14. Sinala a correcta:

- a) Entre as función que sinala a Xunta de Galicia nas súas convocatorias de subvencións para a creación e mantemento dos servizos de normalización lingüística está a de “planificar, xestionar, coordinar e difundir a realización de cursos de lingua galega xerais e específicos, para a poboación en xeral ou para sectores concretos”.
- b) Os servizos de normalización municipais teñen entre as súas funcións organizar e convocar cursos de lingua galega. Con base nisto e no contido do artigo 13 da Orde pola que se crea a Rede de Dinamización Lingüística, a planificación dos cursos preparatorios para a obtención dos certificados CELGA realízase nunha comisión técnica deste organismo na que participan os servizos de normalización dos concellos e a Secretaría Xeral de Política Lingüística.
- c) A Orde do 16 de xullo de 2007 da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza que regula o sistema de certificación oficial do coñecemento da lingua galega, determina no artigo 4 que as competencias nesta materia corresponden á Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia. Por outra parte, a mesma Secretaría Xeral ten atribuída normativamente a función de xestionar as actividades de formación e promoción da lingua, en concreto a convocatoria e autorización de cursos. Ao abeiro disto, os servizos de normalización lingüística municipal non poden convocar cursos de lingua.
- d) Só os servizos de normalización municipais que forman parte da Rede de Dinamización Lingüística están habilitados para organizar ou impartir cursos preparatorios para a obtención dos certificados CELGA.

15. Indique cal destas afirmacións é incorrecta:

- a) O Plan xeral de normalización da lingua galega inclúe, dentro das súas medidas para o sector socioeconómico, que se promova unha iniciativa lexislativa que recoñeza mellor os dereitos lingüísticos dos consumidores e usuarios.
- b) A Mesa pola Normalización Lingüística promove unha iniciativa lexislativa para garantir os dereitos lingüísticos no ámbito socioeconómico.
- c) O Consello da Xunta de Galicia aprobou o 4 de agosto de 2016 o Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico, en cuxa elaboración participaron representantes dos concellos das sete cidades galegas co fin de implicalos no seu desenvolvemento futuro.
- d) Algúns concellos aprobaron os seus propios plans de normalización lingüística nos que inclúen medidas para os sectores socioeconómico, educativo etc.

16. Indique a correcta:

- a) No orzamento do Concello X está prevista unha aplicación orzamentaria dentro do capítulo II para actividades de normalización da lingua galega por unha contía de 75.000 euros, polo tanto o Servizo de Normalización pode adxudicar a unha determinada empresa de dinamización social a realización dunha campaña dirixida á mocidade que ten un orzamento de 19.200 euros máis IVE, logo da correspondente retención de crédito, se conta co visto e praxe da Alcaldía.
- b) Os concellos poden outorgar subvencións a proxectos de normalización da lingua que realicen entidades sen fin de lucro rexéndose polos principios e procedementos que determina a Lei de subvencións de Galicia.
- c) A competencia para aprobar unha ordenanza de normalización lingüística municipal correspóndelle ao Pleno, sempre e cando conte cun informe favorable da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia.
- d) A política lingüística municipal atinxe ao funcionamento da propia administración, non á dinamización do uso do galego en sectores sociais concretos, como as organizacións asociativas, o ámbito empresarial, os medios de comunicación...

17. Indique a correcta:

- a) Ao abeiro do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, todos os centros sostidos con fondos públicos teñen que constituír equipos de dinamización da lingua galega que terán un papel fundamental no deseño, posta en práctica e revisión dos programas de promoción da lingua e contarán co apoio técnico necesario.
- b) O servizo de normalización lingüística do Concello pode encargarse de resolver as solicitudes de validación das certificacións de galego que formule a poboación dese concello a respecto de estudos da materia de lingua realizados en centros do termo municipal.
- c) A planificación de actividades organizadas desde os servizos de normalización lingüística e dirixidas ao ámbito educativo, como por exemplo o Club de Debate, esixe a autorización previa da Consellería de Educación e unicamente se poden convocar para aqueles centros que voluntariamente crearan o equipo de dinamización lingüística.
- d) Os centros educativos concertados non teñen obriga de contar con equipo de dinamización lingüística e, coma o resto dos centros privados, non participan nos proxectos de normalización que desenvolven os concellos, por exemplo no Club de Debate.

18. Indique a correcta

- a) Os programas Apego, Club de Debate, Falaredes e Youtubeir@s esténdense a todos os concellos a través da Rede de Dinamización Lingüística.
- b) O servizo de normalización lingüística de calquera concello pode solicitar ao arquivo correspondente do Consello da Cultura Galega toda a documentación dispoñible sobre accións de promoción do idioma galego que realice outra entidade local.
- c) Se chega ao servizo de normalización dun concello a solicitude dunha tradución xurada dun documento, esta, ademais de ir asinada pola persoa que exerza as funcións de lingüista, deberá incluír o visto e prace do Instituto da Lingua Galega ou da Real Academia.
- d) As universidades galegas contan con cadanseu servizo de normalización lingüística mais nunca participaron en ningún programa de dinamización do uso da lingua en colaboración con servizos municipais porque o seu ámbito de intervención é moi específico.

19. Sinale a correcta:

- a) Os modelos e normas de estilo administrativo que publica a Xunta de Galicia, a través do seus manuais, do Diario Oficial ou da EGAP, son de obrigado cumprimento. En caso de discrepancia cos que sinale a Real Academia Galega ou o Instituto da Lingua prevalecen estes pola función que a Lei de normalización lingüística lles outorga na fixación da normativa, actualización e uso correcto da lingua.
- b) A Real Academia Galega, en virtude da responsabilidade que lle outorga a Lei de normalización lingüística de Galicia na normativa, actualización e uso da lingua, envía periodicamente aos concellos informes sobre o cumprimento das súas directrices.
- c) A aplicación dos principios que deben guiar a linguaxe administrativa pode concretarse en normas de estilo propias de cada administración.
- d) Con base no principio de uniformidade da linguaxe administrativa, os concellos e demais entidades públicas están obrigadas a aplicar as directrices que publica a Escola de Administración Pública, como entidade competente para aprobar normas en materia de linguaxe administrativa, e non cabe a aprobación de normas de estilo propias.

20. Cal das seguintes construcións é correcta?

- a) O contrato adxudicouse de acordo aos pregos e, pola presente, cumprimos con dita lei.
- b) O contrato adxudicouse de acordo cos pregos e, por esta resolución, cumprimos coa dita lei.
- c) O contrato adxudicouse de acordo cos pregos e, pola presente resolución, cumprimos con dita lei.
- d) O contrato adxudicouse de acordo aos pregos e, por esta resolución, cumprimos coa dita lei.

R1. Sinale a correcta:

- e) O Plan xeral de normalización da lingua galega sentaba as bases para incluír a promoción do galego no concepto de servizo que os concellos ofrecen á cidadanía. Por este motivo, a lexislación de administración local de Galicia indica que todos os concellos cuxa poboación supere os 50.000 habitantes deberán aprobar un plan de normalización e dotarse de servizos lingüísticos.
- f) A derogación do Plan xeral de normalización da lingua galega interrompeu a creación de servizos lingüísticos, que prevía para todos os concellos de máis de 50.000 habitantes.
- g) O Plan xeral de normalización foi aprobado por unanimidade de todos os partidos presentes no Parlamento galego e, en consecuencia, as súas directrices convertéronse en normativa legal de obrigado cumprimento.
- h) O Plan xeral de normalización lingüística non inclúe, dentro das medidas da área 2 do sector 1, dedicada á Administración local, ningunha orientación a respecto da creación ou funcionamento de servizos de normalización.

R2. Sinale a correcta:

- a) Calquera empresa que participe en procesos de licitación convocados polas administracións galegas está obrigada a acreditar que conta con persoal capacitado para realizar as tarefas que se lle contraten en galego. Esta acreditación realízase mediante certificacións Celga do nivel que determinen os pregos de prescricións da contratación.
- b) Para garantir que a prestación de servizos municipais a través de empresas concesionarias se realiza en galego os procesos de licitación pública poden limitar a concorrencia e empresas de Galicia.
- c) Nos pregos de cláusulas técnicas e administrativas que rexen os procesos de contratación dun concello poden incluírse determinacións sobre a lingua ou linguas en que deben prestarse os servizos que se contraten.
- d) Non cabe determinar a lingua en que as empresas contratadas pola Administración local teñen que presentar os traballos técnicos que se lles encarguen, en virtude da libre elección de lingua oficial.

R3. Os cidadáns e cidadás de Rianxo teñen dereito a:

- a) Que o Concello lles faga as notificacións bilingües.
- b) Que calquera Administración pública con sede en Galicia lles faga as notificacións bilingües.
- c) Esixir que todos os documentos dun proceso emitidos polo Concello se realicen na lingua da súa preferencia.
- d) Esixir da administración pública do Estado con sede en Galicia ser atendido oralmente en galego.

R4. “Conseguir o compromiso do 75% das entidades e asociacións do concello de que van usar o galego na súa oferta de actividades” é, nun plan de dinamización lingüística:

- a) Un obxectivo específico.
- b) Unha actuación.
- c) Un indicador.
- d) Un plan operativo.

R5. Cal destas afirmacións sobre a tipoloxía da documentación administrativa é certa.

- a) As resolucións e os decretos, as providencias, os acordos e as declaracións son documentos de decisión, xa que recollen as determinacións adoptadas por órganos competentes.
- b) Os documentos que acreditan o coñecemento de determinados feitos, actos ou efectos son os denominados documentos de constancia, como as actas, os certificados, as memorias e as dilixencias.
- c) Os documentos cos que a cidadanía pode relacionarse coa administración son as solicitudes, os recursos, as denuncias, as alegacións e as declaracións.
- d) Unha convocatoria é un documento de transmisión, ao igual que o aviso, o requirimento e a publicación.